



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Logo de ver a proposta do tribunal de data 29-11-2019 e ás bases reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a de museo, en réxime laboral temporal.

Logo de ver a subvención outorgada pola Deputación da Coruña para a contratación laboral temporal de técnico/a de museo, ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 23 de 23-05-2019, e da resolución da Presidencia núm. 2019/20405.

Logo de ver a necesidade de iniciar o funcionamento do Museo Torres Pujales de Corme adquirido recentemente polo Concello de Ponteceso.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar a relación de candidatos/as que superaron o proceso selectivo e a composición provisional da bolsa de emprego de técnico/a de museo, consonte á proposta formulada polo tribunal de data 29-04-2019, coa orde decrecente segundo a puntuación total outorgada:

1. ABAD BARRERIRO, ARACELI 7,88
2. HERRERO LIAÑO, SABELA 7,15
3. CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA 3,95

**Segundo.-** Outorgar un prazo de cinco días naturais para que as candidatas presenten a documentación esixida na base 5ª das reguladoras do proceso selectivo, para que despois da presentación da documentación correspondente se forme a composición definitiva da bolsa de emprego .

**Terceiro.-** Proceder á contratación laboral temporal da candidata que corresponda, segundo a base 10ª das reguladoras do proceso selectivo, como técnica de museo para o Museo Torres Pujales de Corme, para o que o técnico de emprego realizará a proposta, unha vez presentada a documentación segundo o anterior punto, e elevada a proposta de aprobación da súa composición definitiva.

**Cuarto.-** Publicar na web municipal e no taboleiro de anuncios para xeral coñecemento e aos efectos da publicidade oportuna e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.